



Sarria

Organismo Autónomo
Nosa Señora do Carme

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO Á BOLSA DE EMPREGO DE ENFERMEIRAS DO ORGANISMO AUTÓNOMO RESIDENCIA DE ANCIÁNS "NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN".

Na Secretaría Xeral do Concello de Sarria (Lugo), sendo as once horas do día 15 de xuño de 2016, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á Bolsa de Emprego de Enfermeiros/as do Organismo autónomo Residencia de Anciáns "Nuestra Señora del Carmen" segundo bases aprobadas por resolución da Vicepresidencia número 26/2016 publicadas no BOP de Lugo de data 20 de abril de 2016.

Xustifica a súa imposibilidade de asistencia ao tribunal D. JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY, substituíndoo a súa suplente, DNA. M.^a ARÁNZAZU SASTRE CARRACEDO.

Asistentes:

1. Presidenta: DNA. YOLANDA ALONSO PÉREZ, CON DNI 44428897G, enfermeira do Hospital Comarcal de Valdeorras.

2. Vogais:

2.1.- DNA. BEATRIZ BLANCO HERAS, enfermeira do Hospital Comarcal de Monforte.

2.2.- D. JUAN TOMÁS CORREDOIRA CORRAS, Técnico Social do HULA.

2.3.- DNA. YOLANDA RUANO FERNÁNDEZ, Técnica Social do Centro de Saúde da Milagrosa de Lugo.

Actúa como Secretaria DNA. MARÍA ARÁNZAZU SASTRE CARRACEDO, Interventora do Concello de Sarria, con voz pero sen voto.

Tódolos comparecentes manifestan aceptar os seus cargos, polo que se declara constituído o tribunal.

Seguidamente, o tribunal acorda que a realización do exercicio, de carácter obligatorio e eliminatorio da fase de oposición consistirá na realización de unha proba de aptitude tipo test proposta polo Tribunal, atendendo ás características típicas do posto de traballo, para cuxa elaboración definitiva se presentará unha terna de preguntas polos distintos membros do mesmo, de entre as cales o tribunal seleccionará as que conformarán a proba. A dito efecto, convócase ao tribunal para a súa elaboración definitiva o día 21 de xuño de 2016 no Concello de Sarria ás 09.30 horas.

Leída a presente acta e encontrándoa conforme, asínase por tódolos membros do tribunal, sendo as 12.00 horas do día da data, do que eu, secretaria, dou fe.

A PRESIDENTA

YOLANDA ALONSO PÉREZ.

A SECRETARIA

M.^a ARÁNZAZU SASTRE CARRACEDO.

